

**ACTA DA REANUDACIÓN DA SESIÓN Nº 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DO CAMIÑO DE ACCESO AOS LUGARES DA PENA E CARBALLÁS DESDE PENEDO RENDAL (STA EULALIA). PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019.**

LUGAR: casa do concello  
DATA: 20/09/2018  
HORA DE COMEZO: 13:58  
HORA DE REMATE: 14:30

**ASISTENTES:**

Presidente:

– Don Antonio Ángel Fraga Sánchez, alcalde accidental do Concello de Curtis

Vogais:

– Dona Rosa María Buján Ordóñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis

– Dona Marta María Roca Souto, auxiliar administrativa

Secretaria:

– Dona Mónica Gesto Nieto, administrativa

**AUSENTES**

– Dona Olivia Souto Freiría, arquitecta técnica

**DELIBERACIÓNS E ACORDOS**

**Valoración do sobre C (“Oferta económica e referencias valorables automaticamente”)**

Una vez que desde a Deputación da Coruña se lle comunicou a este concello que efectivamente tivera lugar unha incidencia no programa de valoración de ofertas económicas dispoñible na súa páxina web e que a mesma xa se solventou, reanúdase a sesión da Mesa que comezara o día 13/09/2018.

Introdúcense as ofertas económicas dos distintos licitadores no programa de valoración de ofertas económicas dispoñible na páxina web da Deputación da Coruña e valóranse a estabilidade do emprego e a existencia dun plan de igualdade co seguinte resultado:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA			ESTABILIDADE NO EMPREGO		PLAN DE IGUALDADE	TOTAL
	IMPORTE (€)	PUNTUACIÓN	ANORMALMENTE BAIXA	% TRABALLADORES (FIXOS, TEMPO INDEFINIDO, XORNADA COMPLETA)	PUNTUACIÓN		
CANARGA, SL	62.169,99	43,72	Si	100,00	13,00	12	68,72
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL	57.707,32	50	Si	54,02	7,02	0	57,02
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL	75.334,00	14,77	Non	45,36	5,90	0	20,67
COSMALCA, SL	78.580,34	5,37	Non	23,07	3,00	12	20,37

A empresa Cosmalca, SL, no apartado 6º do anexo II bis, relativo ao plan de igualdade, non segue o modelo establecido no prego, polo que non queda claro se contaban con dito plan na data de publicación da licitación, tal e como se esixía.

Non obstante, dito cumprimento efectivo terá que xustificarse polo licitador que presente a mellor oferta antes da adxudicación do contrato, polo que tal extremo deberá quedar clarificado nese trámite.

A Mesa, clasifica por orde decrecente de valoración, as ofertas dos licitadores co seguinte resultado:

EMPRESA	SOBRE B	SOBRE C			TOTAL
	PLAN DE TRABAJO	OFERTA ECONÓMICA	ESTABILIDADE NO EMPREGO	PLAN DE IGUALDADE	
CANARGA, SL	13,50	43,72	13,00	12	82,22
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL	12,00	50,00	7,02	0	69,02
COSMALCA, SL	19,00	5,37	3,00	12	39,37
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL	15,00	14,77	5,90	0	35,67

Posto que se presume que a oferta económica do licitador que obtivo a mellor puntuación é anormalmente baixa a Mesa, por unanimidade do seus membros presentes, ACORDA requirir á empresa CANARGA, SL para que nun prazo de cinco días hábiles, desde o envío da

correspondente comunicación, xustifique a súa oferta acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

A dita documentación deberá ser presentada no prazo indicado no rexistro electrónico deste concello.

A secretaria da Mesa redacta esta acta que asinan electronicamente todos os integrantes da Mesa asistentes á sesión.